

Herraiz solicita ao Goberno incluír nas modificacións do proxecto do encauzamento do río Sarria alternativas que eviten a demolición total da Ponte Calvo Sotelo

A deputada no Congreso rexistrou varias iniciativas, co fin de que o Executivo tamén concrete se pretende abordar a totalidade do proxecto aprobado e cal é a programación temporal e orzamentaria do mesmo

Destaca o traballo que, dende hai meses, vén realizando o grupo municipal socialista neste senso, pois o proxecto que agora se atopa en fase de exposición pública, presenta modificacións “esaxeradas e desproporcionadas que vulneran claramente a intención do documento inicial”

A socialista tamén se interesa polo pagamento das expropiacións levadas a cabo para a posta en marcha deste proxecto, xa que “non podemos esquecer que o Xacobeo é propietario de varios dos terreos, polo que os cartos recadados tamén deberían de ser destinados a súa restauración”, afirma

SARRIA, 10 DE FEBREIRO DE 2015.- A deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz- confirma que vén de rexistrar distintas iniciativas, a través das que o Grupo Parlamentario Socialista insta ao Goberno a incluír nas modificacións do proxecto técnico de ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro actuacións alternativas á demolición total da Ponte de Calvo Sotelo. Trátase dunha Proposición non de Lei e de varias preguntas para a súa resposta por escrito, e que están dirixidas a que o Executivo concrete tamén se pretende abordar a totalidade do proxecto aprobado e cal é a programación temporal e orzamentaria do mesmo.

Deste xeito, a deputada no Congreso reforza as peticións que, dende hai meses, vén realizando o grupo municipal socialista, pois o proxecto que agora se atopa en fase de exposición pública, presenta modificacións “que vulneran claramente a intención do documento inicial”, afirma.

Modificacións “esaxeradas e desproporcionadas”

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil redactou en 2010 o proxecto técnico en base ao plan de encauzamento para protexer o núcleo urbano dos asolagamentos, cun importe que superaba os 21 millóns de euros. Do importe total, o organismo estatal financiaría o 70% a través de fondos FEDER e, o 30% restante, correría a cargo doutras administracións.

Posteriormente, en decembro de 2012, a Confederación someteu a información pública a primeira fase deste documento, eliminando parte das actuacións contidas no proxecto orixinal, e que afectaban ao treito comprendido entre a Ponte Ribeira e a de Calvo Sotelo. Os cambios introducidos que, Margarita Pérez Herraiz califica de “esaxerados e desproporcionados, e que proban que si que era posible facer alegacións ao proxecto inicial, a pesares de que estas foron rexeitadas polo ente do Estado”, foron os seguintes: nin se excava a cunca nin se rebaixan as illas deste treito; non se elimina a represa actual nin os azudes; non se executa a nova canle para a apertura da sección e non se executa a barreira de contención da ponte Ribeira.

“Son cambios que non convencen, radicais e que non entendemos a que se deben. A actuación do Goberno está a ser un despropósito, pois nin beneficia ao pobo de Sarria nin moito menos aos veciños”. Por elo, “e dado que de igual modo que son posibles estes cambios, considera que tamén se pode e deben plantexar outras alternativas máis rendibles”. Deste xeito, plantexa que se modifique a parte que afecta á demolición da Ponte Calvo Sotelo e se substiúa a demolición total proxectada por modificacións parciais na súa estrutura que aumenten a capacidade actual de desagüe para garantir unha capacidade de evacuación igual ou semellante á que se recolle no proxecto orixinal”, afirma.

Expropiacións

Asimesmo, a socialista tamén se interesa polo pagamento das expropiacións levadas a cabo para a posta en marcha deste proxecto. “Interesarémonos polo seu custo e o pago individualizado”. E é que, subliña, “non podemos esquecer que o Xacobeo é propietario de varios dos terreos, polo que os cartos recadados tamén deberían de ser destinados á súa restauración”.